



ANEXO

1. Por Resolución da Alcaldía núm. 458/20, de data de 7 de setembro, visto que quedan prazas vacantes na modalidade de ludoteca polas tardes e no servizo de madrugadores, acordouse abrir un novo prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes para participar no Programa de Conciliación CONXUGA do concello de Vedra.

Prazo: do 08/09 ao 22/09 (ambos incluídos).

As solicitudes deberán presentarse nalgún dos seguintes lugares:

- Presencialmente no Rexistro do Concello de Vedra: **PREVIA CITA en 981 81 46 93 (Servizos Sociais) – 981 81 46 12 (Xeral do Concello)** ou <https://sede.vedra.es/opencms/gl/cita/index.html>
- Sede electrónica: <https://sede.vedra.es/opencms/gl/>
- Calquera dos lugares de presentación de documentos do artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

2. Os criterios de adxudicación de prazas serán os seguintes:

- a) Unidades familiares empadroadas no Concello de Vedra, cunha anterioridade ao 01 de xaneiro de 2020. Poderanse admitir persoas non empadroadas cando existan prazas vacantes e, neste caso, terán preferencia no acceso aqueles menores cuxo proxenitores desenvolva a súa actividade laboral no termo municipal.
- b) Aplicación do baremo de admisión.

Para a aplicación do baremo de admisión e, no seu caso, dos descontos previstos, será necesario que as persoas solicitadas en inscribir aos seus fillos/as no Programa CONXUGA Conciliación, tanto na modalidade de Ludoteca coma de Madrugadores, acheguen, xunto coa solicitude, a seguinte **DOCUMENTACIÓN**:

1.	Declaracións de IRPF de 2019 ou xustificante acreditativo de non ter que presentala de ambos proxenitores ou titores legais.
2.	Vida laboral ou documentación xustificativa da situación laboral dos proxenitores ou titores legais (última nómina, último recibo de pagamento da cota de autónomos, documento que acredite a situación de desemprego, situación de ERTE, etc.) de ambos proxenitores ou titores legais.
3.	Libro de familia ou certificado de inscrición de nacemento do menor no Rexistro civil.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)



C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com

4.	No suposto de familias numerosas, copia do libro de familia numerosa.
5.	Certificado de empadramento colectivo dos menores, así como dos proxenitores ou titores. En caso de empadramento no Concello de Vedra, non será necesario e dito requisito será comprobado pola propia Administración.
6.	No suposto de que na unidade familiar haxa algún membro con grao II ou III de dependencia, documento que acredite tal circunstancia.

BAREMO:

1. SITUACIÓN SOCIAL E FAMILIAR	
Casos de emerxencia social, menores incluídos no Programa de educación familiar ou en calquera outra situación valorada tecnicamente polo Departamento de Servizos Sociais comunitarios do Concello de Vedra.	6 puntos
Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ao IPREM	3 puntos
Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores a 1,5 veces o IPREM	2 puntos
Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores a 2,5 veces o IPREM	1 punto
Situación de familia numerosa xeral	1 punto
Situación de familia numerosa especial	2 puntos
2. SITUACIÓN LABORAL E DE OCUPACIÓN:	
Familias biparentais: a) Cando as dúas persoas proxenitoras ou titoras legais traballen no mercado laboral b) Cando unha das persoas proxenitoras ou titoras legais traballe no mercado laboral	4 puntos 1 punto
Familias monoparentais: a) Cando a persoa proxenitora ou titora legal traballe no mercado laboral b) Cando a persoa proxenitora ou titora legal se atope en situación de desemprego acreditada documentalmente.)	5 puntos 1 punto
*terase en conta as proxenitoras/es con custodia non compartida, traballando. Nos supostos de custodia compartida, este requisito se entenderá referido ao tempo no que esta se exerza efectivamente.	
*No caso de familias numerosas nas que asistan tres menores ou máis, a partir do 3º o servizo será gratuíto a condición de que a Renda Mensual Familiar non supere os 2400 euros.	

- c) Renda mensual familiar, ordenada de menor a maior. A renda mensual familiar calcúlase sumando a totalidade dos ingresos da unidade familiar e dividindo o resultado entre doce (#12#) meses.
- d) En todo caso, deberase estar ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Vedra.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)



C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com

e) En todo caso, os menores deberán ter entre 3 anos (4º de infantil) e 12 anos e estar escolarizados nun centro educativo do Concello de Vedra. No caso da modalidade de madrugadores, poderanse superar os 12 anos.

4. A modalidade de “**días soltos**” está dispoñible tanto para Madrugadores como para Ludoteca, pero será obrigatorio que os interesados **comuniquen cun mínimo de cinco (#5#) días de antelación a asistencia** mediante escrito presentado no Rexistro do Concello, na Sede Electrónica ou mediante un correo electrónico enviado á seguinte dirección: carmen.sabio@concellodevedra.com

5. A continuada falta de asistencia sen xustificación poderá dar lugar á baixa de oficio no Programa e, no caso de existir listaxe de agarda, proceder a adxudicar a praza vacante pola orde establecida na mesma.

6. En todo caso, o Concello de Vedra actualizará e poderá modificar ou suspender a prestación do servizo en función das circunstancias que acontezan derivadas da crise sanitaria motivada polo COVID19.